

**Bases da convocatoria para a selección de persoal laboral con carácter temporal para a contratación dun analista de laboratorio (grupo III, categoría 17); Técnico/a Superior en Acuicultura, para a realización do proxecto de investigación: "Restauración dos bancos naturais de ostra plana (*Ostrea edulis*, Linnaeus 1758) na enseada de San Simón (Ría de Vigo). OSTREARES, código de proxecto PR004A 2024/01.**

### **PRIMEIRA. Normas Xerais**

1.1.- Convócase proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal, ao abeiro do artigo 15 da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, e no artigo 7.5 b) do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. O obxecto desta contratación é dotar de persoal preciso ao proxecto de investigación: "Restauración dos bancos naturais de ostra plana (*Ostrea edulis*, Linnaeus 1758) na enseada de San Simón (Ría de Vigo). OSTREARES, código de proxecto PR004A 2024/01, que se realizará no Centro de Cultivos Mariños, en Ribadeo (Lugo), e que se especifica no cadro seguinte, no que se indica a denominación, grupo e categoría profesional, titulación requirida e duración prevista da contratación.

<b>Denominación</b>	<b>Requisitos de titulación e formación</b>	<b>Destino</b>	<b>Duración da contratación</b>	<b>Grupo e categoría segundo Convenio</b>	<b>Nº efectivos</b>
Analista de laboratorio	<u>Titulación:</u> Técnico/a Superior en Acuicultura  <u>Outros:</u> Coñecemento do idioma galego nivel CELGA 4	Centro de Cultivos Mariños Ribadeo (Lugo)	O persoal seleccionado desenvolverá o seu traballo, cunha duración do contrato, previsiblemente, desde a súa sinatura ata o 31/12/2026.	Grupo III Categoría 017 (Analista de laboratorio)	1

A persoa seleccionada desenvolverá o seu traballo a xornada completa, desde a sinatura do contrato ata o 31/12/2026. De conformidade co artigo 14 do citado V Convenio Colectivo Único establécese un período de proba de dous meses.

As retribucións serán as establecidas nos artigos 25 e 26 do mencionado V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e de acordo coa vixente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2.- O sistema de selección será o de concurso de méritos, para o que se aplicará, de conformidade co previsto no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o baremo que nel figura como anexo III, e que, así mesmo se acompaña, actualizado á normativa vixente, como **Anexo I** da presente convocatoria.



1.3.- A Consellería do Mar celebrará coa persoa seleccionada un contrato de traballo de duración determinada para a realización dun proxecto específico de investigación científica e técnica, consonte o Estatuto dos Traballadores, aprobado por R.D Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, segundo a Disposición Adicional décima da Lei 17/2022.

1.4.- O persoal contratado estará sometido ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

### **SEGUNDA. Requisitos das persoas candidatas**

As persoas candidatas deberán reunir, tanto no día que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da súa contratación como persoal laboral temporal, os seguintes requisitos:

#### **2.1. Requisitos xerais.**

a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación das persoas traballadoras, ou ser persoa estranxeira con permiso de residencia en España no momento de presentar a solicitude. Non obstante, as persoas non comunitarias para formalizar o contrato deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado o cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión europea e ratificados por España sexa de aplicación á libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderá participar a súa descendencia e a do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Habilitación: non ter sido persoa separada do servizo nin despedida, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado non atoparse inhabilitados ou en situación equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### **2.2. Requisitos específicos**

a) Posuír a titulación necesaria e os requisitos indispensables sinalados no cadro da base 1.1. para o posto ofertado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar un documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

b) Coñecemento do idioma galego que se acreditará mediante o título Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.



### **TERCEIRA. Solicitudes, prazo, documentación a presentar e admisión de aspirantes**

3.1 En aplicación do artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establécese a obrigatoriedade de emprego dos medios electrónicos na presentación da solicitude e, se procede, da documentación anexa.

3.2 De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3.3 Para a presentación electrónica das solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Así mesmo, será necesaria a sinatura electrónica con certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados dos documentos que deban asinar as persoas candidatas.

3.4 As persoas aspirantes que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura anexa a estas bases (**Anexo II**) no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases na páxina web da Consellería do Mar.

En cumprimento do establecido no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, o tribunal do proceso cursará ao Servizo Público de Emprego oferta xenérica do posto obxecto desta convocatoria, e as persoas seleccionadas para a mesma polo dito servizo, de estar interesadas, deberán presentar a súa solicitude no mesmo prazo e polos mesmos medios.

3.5 As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo de instancia do **Anexo II**, debidamente asinada pola persoa interesada, xunto coa documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base 2.2 e dos méritos alegados para ser valorados segundo o baremo do **Anexo I** desta convocatoria. Os méritos alegados deberán referirse á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.6 As solicitudes e a documentación serán presentadas de forma dixital a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) mediante trámite de solicitude xenérica a través do servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dirixiranse a Consellería do Mar e a unidade Secretaría Xeral Técnica. Indicarase no obxecto do asunto: **PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE 1 ANALISTA DE LABORATORIO. PROXECTO "OSTREARES"**.

3.7 A persoa aspirante deberá notificar o envío da documentación á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar no seguinte correo electrónico: [persoal.mar.santiago@xunta.gal](mailto:persoal.mar.santiago@xunta.gal), facendo constar no asunto **PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE 1 ANALISTA DE LABORATORIO. PROXECTO "OSTREARES"**.

3.8 O enderezo electrónico que figure nas instancias considerarase como o único válido

3



para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante tanto os erros na consignación como a non comunicación de cambio de domicilio.

3.9 Ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, non se admitirán melloras da solicitude referidas a novos méritos transcorrido o prazo de presentación desta. A valoración e priorización das solicitudes levaranse a cabo exclusivamente en relación coa información e documentación achegada nestas, nas melloras realizadas en prazo e en resposta aos requirimentos oportunos ou ás situacións ou méritos non acreditados suficientemente, indicados nas listaxes de solicitudes admitidas e excluídas.

3.10 Para os efectos da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada polas administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario/a.

A documentación presentarse en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá estar acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional as persoas interesadas poderán poñerse en contacto telefónico co/s seguinte/s número/s 886 206 364, en horario de 09:00 a 14:00.

3.11. Expirado o prazo de presentación de solicitudes o Tribunal de Selección publicará na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) a resolución cunha lista provisional de persoas admitidas e excluídas para o posto ofertado.

Na lista constará, en todo caso, o número cifrado do documento de identidade, ou documento equivalente, e a condición acadada, de persoa admitida ou excluída. No caso das persoas excluídas farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas ou excluídas para o posto ofertado.

#### **CUARTA. Tribunal de Selección**

4.1. Por resolución do 16 abril de 2026 a Secretaria Xeral Técnica nomeou aos membros do tribunal de selección (**Anexo III**). Respecto á válida constitución e adopción de acordos do Tribunal de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas membro do tribunal deberán absterse de intervir notificándollos á secretaria xeral técnica, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, ou se realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.



A presidencia solicitará ás persoas membro do tribunal declaración escrita expresa de non estar incurso nas circunstancias antes citadas segundo o previsto no artigo 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal de Selección poderá incorporar persoal de asesoramento. Estas persoas deberán cumprir os requisitos esixidos para o membros do Tribunal de Selección.

#### 4.2. Funcións do Tribunal de Selección:

- Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles a cualificación ás persoas aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso selectivo e o resultado final, que será remitido ao órgano convocante.
- Resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- Propor á Secretaría Xeral Técnica, órgano convocante do presente proceso, a persoa candidata que obteña maior puntuación a efectos da súa contratación polo órgano competente.
- Interpretar o contido destas bases.

As comunicacións e demais incidencias serán dirixidas ao Tribunal de Selección, á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, Edificio Administrativo San Caetano, 5, 15781, Santiago de Compostela.

### **QUINTA. Cualificación e selección dos aspirantes**

#### **5.1. Listaxe provisional coas puntuacións do proceso selectivo.**

Unha vez cualificadas as persoas aspirantes conforme á base 1.2. da presente convocatoria, o Tribunal de Selección publicará na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) e no taboleiro de anuncios do Centro de Cultivos Mariñas a listaxe provisional coas puntuacións do proceso selectivo para o posto ofertado, concedendo un prazo de reclamación de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

#### **5.2. Listaxe definitiva coas puntuacións do proceso selectivo.**

Transcorrido o prazo de reclamacións, o Tribunal de Selección publicará, polos mesmos medios, a lista definitiva coas puntuacións respectivas para o posto ofertado.

#### **5.3. Criterios de desempate.**

En caso de empate, de conformidade co disposto nas vixentes disposicións legais da Comunidade Autónoma en Materia de Igualdade, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos xéneros existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola resolución do ano en curso pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **5.4. Resolución da convocatoria.**

O Tribunal de Selección proporá a persoa candidata á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, órgano convocante, que resolverá o proceso de selección mediante



resolución motivada, publicada na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) e no taboleiro de anuncios do Centro de Cultivos Mariños. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento á correspondente oficina de emprego.

A persoa seleccionada deberá aceptar o posto adxudicado no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da Resolución na páxina web da consellería do Mar; no caso de non producirse a aceptación expresa nese prazo, procederase ao chamamento da seguinte persoa candidata con maior puntuación para o posto.

#### **5.5. Lista de suplentes.**

As persoas candidatas que finalmente non fosen contratadas, nin tivesen renunciado expresa ou tacitamente á contratación, pasarán a formar parte dunha lista de suplentes para o posto ofertado que se fará pública coa lista definitiva de puntuacións, procedendo ao chamamento das persoas candidatas segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.

A vixencia desta lista coincidirá coa duración do motivo que xustifica a cobertura temporal do posto obxecto da presente convocatoria.

#### **5.6. Datos de carácter persoal.**

Os datos de carácter persoal dos candidatos serán tratados coa finalidade de xestión xeral de recursos humanos, segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións que resulten de aplicación.

A base xurídica do tratamento xustifícase no artigo 6.1 do RXP, apartados a), b), c) e e).

Os datos serán conservados mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades, para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar destas e do tratamento dos datos e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar é a responsable do tratamento dos datos. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou limitación do tratamento dirixíndose ao responsable no enderezo <https://www.xunta.gal>. En caso de incumprimento do responsable do tratamento, os interesados poderán reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

#### **SEXTA. Recursos.**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un (1) mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución



expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**SÉTIMA. Disposición final.**

A participación neste proceso selectivo por parte da persoa candidata supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro



## ANEXO I – BAREMO DE MÉRITOS

1. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
2. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,15 puntos/mes.
3. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación das alíneas a), b) e c) non poderá exceder de 5 puntos.

4. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escola oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Publico de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, cursos de formación continua do AFCAP, segundo a relación de materias que se establece na convocatoria:

- Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos.
- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
- Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

1. Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior algado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso.

- En grao de iniciación/Celga 3: 0,50 puntos.
- En grao de perfeccionamento/Celga 4: 0,75 puntos.
- Outro grao superior ao anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

2. De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo ao disposto na base 5.3 da presente convocatoria.



**ANEXO II**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL DE 1 ANALISTA DE LABORATORIO (GRUPO III, CATEGORÍA 017); TÉCNICO/A SUPERIOR EN ACUICULTURA, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN: "Restauración dos bancos naturais de ostra plana (*Ostrea edulis*, Linnaeus 1758) na enseada de San Simon (Ría de Vigo). OSTREARES, código de proxecto PR004A 2024/01.**

*(Datos da persoa solicitante cando é unha persoa física)*

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a persoa interesada presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na Consellería do Mar e ao tratamento dos mesmos.

**A PERSOA SOLICITANTE OPTA Á COBERTURA TEMPORAL DO SEGUINTE POSTOS (Ver base 1.1):**

- 1 Posto de Analista de laboratorio (grupo III, categoría 17)

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- Copia do título Celga 4 ou equivalente.
- Copia das titulacións requiridas:
  - 
  - 
  -
- OUTRA (MÉRITOS):
  - 
  - 
  - 
  - 
  -

Fago constar que a presente documentación consta de \_\_ folios, numerados correlativamente do 1 ao \_\_ .

Lugar e data:  
Sinatura

Asdo.: .....

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR**  
**Edificio Administrativo San Caetano, 5, 15781 - Santiago de Compostela**

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



### ANEXO III

**Resolución de nomeamento do tribunal de selección previsto para a contratación con carácter temporal de persoal laboral de 1 analista de laboratorio (grupo III, categoría 17), Técnico/a Superior en Acuicultura, para a realización do proxecto de investigación: "Restauración dos bancos naturais de ostra plana (*Ostrea edulis*, Linnaeus 1758) na enseada de San Simón (Ría de Vigo). OSTREARES, código de proxecto PR004A 2024/01, con destino no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo.**

Por parte desta Secretaría Xeral Técnica iniciáronse os trámites para a selección de persoal laboral temporal para a contratación dun analista de laboratorio (grupo III, categoría 17), motivado pola renuncia da persoa que estaba a desempeñar o posto, para completar o proxecto **"Restauración dos bancos naturais de ostra plana (*Ostrea edulis*, Linnaeus 1758) na enseada de San Simón (Ría de Vigo). OSTREARES, código de proxecto PR004A 2024/01.** O procedemento é o establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, órgano competente para isto, non puido seleccionar o persoal axeitado por non existir persoas dispoñibles para seren citadas nas lista correspondente á categoría solicitada; polo anterior, debido á urxente e inaprazable necesidade de cubrir o posto, corresponde aplicar o establecido no artigo 7.5.b.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia iniciando un procedemento de selección para a cobertura do posto que se relaciona no cadro seguinte por persoal laboral temporal:

Denominación	Titulación Requisito indispensable	Destino	Duración da contratación	Grupo e categoría segundo Convenio	Nº efectivos
Analista de laboratorio	Técnico/a Superior en Acuicultura ou equivalente	Centro de Cultivos Mariños. Ribadeo (Lugo)	O persoal seleccionado desenvolverá o seu traballo, cunha duración do contrato, previsiblemente, desde a súa sinatura ata o 31/12/2026	Grupo III Categoría 017 (Analista de laboratorio)	1

A programación e execución do proxecto de investigación para a que se propón esta contratación de persoal, está prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.



De acordo co artigo 15.seis da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024, con data 23.10.2024 a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio emitiu informe favorable sobre a proposta de contratación.

Con data 03.12.2024 a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, conforme tamén co artigo 15.seis da devandita lei, emitiron informe favorable conxunto polo que se autoriza a selección de persoal vinculado a este proxecto de investigación.

Polo exposto, esta Secretaría Xeral Técnica, no uso das facultades conferidas polo artigo 17 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o artigo 1.1 da Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia,

### DISPÓN:

1.- A composición do **tribunal** para a selección do persoal laboral temporal necesario para a cobertura temporal do posto indicado será a seguinte:

Presidencia: Ana Cerviño Otero, técnico/a investigador/a do Centro de Investigacións Mariñas CIMA, en Corón-Vilanova de Arousa

Secretaría: Pilar Montaña Couto, xerente do CIMA

Vogais: Justa Ojea Martínez, Responsable de Planta no Centro de Cultivos Mariños, en Ribadeo  
Ángel Manuel Rodríguez Rodríguez, técnico/a investigador/a do CIMA  
Bernardo Fernández Souto, técnico/a investigador/a do CIMA

2.- A composición do **tribunal suplente** do anterior será a seguinte:

Presidencia: Carlos Gabín Sánchez, director do Centro de Investigacións Mariñas CIMA

Secretaría: José Iglesias Fernández, xefe de negociado administrativo do CIMA

Vogais: Susana Nóvoa Vázquez, técnico/a investigador do CIMA  
María Victoria Gregorio Chenlo, analista de laboratorio do CIMA  
César Carracedo Parga, técnico/a superior do CIMA

3.- As persoas membros do tribunal deberanse abster de formar parte del ou poderán ser recusadas cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a Consellería do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou poderase impugnar directamente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme ao disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
A secretaria xeral técnica  
Marta Barreiro Castro

